


# Instituto GeoGebra de Galicia



Acta da reunión do Instituto GeoGebra de Galicia (IGG), celebrada o mércores 29 de xuño de 2011, ás 16 horas, na Cafetería do Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela.

## Orde do día:

1. Difusión do IGG.
2. Actividades a organizar.
3. Certificación de niveis.
4. Comunicación entre os membros.
5. Organización e goberno do IGG.

## Membros asistentes

- Debora Pereiro Carbajo
- Esperanza Gesteira Losada
- M<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro
- Ignacio Larrosa Cañestro
- Fernando Zacarías Maceiras
- Enrique de la Torre Fernández

## 1. Difusión do IGG:

Fixéronse as seguintes propostas para dar a coñecer o Instituto entre a comunidade de ensinantes de Galicia:

- Enviar información aos centros de ensinanza sobre a súa constitución, membros, cómo facerse socio, etc.
- Manter actualizada a páxina web.
- Propoñer que calquera membro do IGG que o desexe e que elabore material ou similar, este leve o logotipo/anagrama do instituto para favorecer a súa difusión. Deste xeito tamén quedarán de manifesto tarefas levadas a cabo polo IGG.
- Intentar a captación de novos membros enviando información aos socios de AGAPEMA mediante as delegacións de zona, ENCIGA, e persoas que participen ou teñan participado nos últimos cursos de GeoGebra.
- Contactar con quen puidera ter elaborado material con GeoGebra (experiencias de aula de primaria e secundaria, de matemáticas ou doutras áreas, tutoriais, materiais de apoio), con fin de pedirlle colaboración, ideas, etc...

## 2. Actividades a organizar:

Propuxéronse as seguintes actividades a realizar o vindeiro curso:

- Organizar cursos de iniciación a GeoGebra.

- Organizar a presentación de GeoGebra 4 en Galicia: pensouse na Facultade de Matemáticas de Santiago como sede dun día completo dedicado a un obradoiro de GeoGebra 4 e do proxecto Gauss do ITE. Como conferenciante invitado pensouse en José Luís Álvarez García (leva o Proyecto Gauss do ITE e é profesor no Instituto Nº5 de Avilés).
- Facer unha recopilación das novidades da versión 4 de Geogebra.
- Ofrecer un curso de Moodle con Geogebra e un curso de Iniciación de GeoGebra. Remitir aos departamentos de matemáticas dos centros e aos centros de formación do profesorado este ofrecemento e outros que puideran xurdir.

### 3. Certificación de niveis:

É necesario coñecer cómo se poden dar as certificacións de Usuario, Experto e Especialista.

Espérase que na reunión de Gijón, nas JAEM, se informe de cómo se poden dar as certificacións, e quen pode certificar: se o presidente do IGG, se as persoas que sexan formadores, etc.

### 4. Comunicación entre os membros:

Fálase de crear unha rede social para a comunicación dos membros do IGG, que satisfaga as necesidades de intercambio fluído de material e información sen chegar a unha solución concreta polo momento, e se apraza o seu estudio para outra reunión. Entre as posibilidades baralladas está a creación dun aula virtual Moodle con formato social (só foros), para que todo o profesorado do IGG previamente rexistrado poida deixar a súa colaboración, arquivos, opinións, etc...

Tamén se falou de empregar a rede Facebook, creando un grupo para o IGG, no que se podan manter conversacións privadas, subir de arquivos, etc.

Decídese colocar, de momento, todas as informacións do IGG no espazo habilitado na páxina web da zona de AGAPEMA en A Coruña, [www.agapemacoruna.com/igg](http://www.agapemacoruna.com/igg), dado que para o espazo da web de AGAPEMA habilitado para o IGG, non se dispón aínda das claves.

### 5. Organización e goberno do IGG:

No apartado 2.1.5 do documento de constitución do IGG, sinálase que o presidente será *“nomeado pola Xunta Directiva de AGAPEMA, a proposta dos membros do IGG”*.

En consecuencia, decídese que o presidente sexa proposto cada dous anos (podendo ser renovado) contados dende a constitución do instituto, pola asemblea dos membros do IGG, e nomeado pola Xunta Directiva de AGAPEMA. Decidirase tamén nese momento o número de membros do consello asesor.

Ao remate quérese deixar constancia das **actividades realizadas** durante este curso polo IGG:

Aínda que a constitución formal do IGG sufriu diversos atrasos ata a súa aprobación definitiva o día 23 de novembro pasado, xa varias persoas do actual consello asesor comezaron a traballar no coñecemento e difusión de GeoGebra con anterioridade, nos seguintes eventos :

- Participouse no congreso de ENCIGA con dous obradoiros:
  - Moodle con GeoGebra e Wiris,
  - Geogebra, probabilidade para empezar.
- Elaboración de materiais para o curso a distancia de Platega: “*GeoGebra, redescubrir a Xeometría*”. O curso se impartiu de febreiro a maio deste ano.
- Participación co obradoiro “*GeoGebra: moito máis que Matemáticas*”, nas Xornadas de Ciencia e Tecnoloxía promovidas pola Consellería de Educación con motivo do ano internacional da Química.
- Elaboración de materiais para o curso presencial “*(Re)descubrir en Xeometría*”, promovido polo CFR de Vigo. O curso se impartiu nos meses de outubro e novembro pasado.
- Participación do IGG no Día Nacional de GeoGebra, xunto cos demais Institutos GeoGebra de España, o 9 de setembro de 2010 en Salamanca, que incluíu:
  - Unha mesa redonda na que cada instituto explicou a situación na que se atopaba, e as actividades que estaba a desenvolver ou pensaba organizar.
  - Unha comunicación sobre un curso de formación do profesorado que se estaba a impartir en Galicia sobre como inserir actividades con GeoGebra na plataforma Moodle.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 20 horas.